



DEBUXO ARTÍSTICO

OPCIÓN 1

1.1. Realizar un debuxo do modelo que se sinala na aula como opción 1. A organización do debuxo e a súa composición fundamentarase na estrutura esencial dos obxectos, nas súas proporcións e nas relacións de craro-escuro.

1.2. Con técnica libre e facendo, se cómpre, bocetos previos (en follas soltas), realizar unha composición interpretando a imaxe de Theo van DOESBURG “*Obxecto esteticamente transformado*” e “*Composición (A Vaca)*”, ámbolos dous contra 1917.



(Ver lámina en apéndice)

OPCIÓN 2

2.1. Realizar un debuxo do modelo que se sinala na aula como opción 2. A organización do debuxo e a súa composición fundamentarase na estrutura esencial dos obxectos, nas súas proporcións e nas relacións de craro-escuro.

2.2. Con técnica libre e facendo, se cómpre, bocetos previos (en follas soltas), realizar unha composición interpretando graficamente o texto seguinte:

“Púxenme un sombreiro para recordar / E todo se pechou na miña cabeza. / Quiteime un sombreiro para recordar / E os meus pensamentos voaron ó vento / Como semente que non xermina.”

Yehuda AMICHAJ “*Brotos*” , en *Antoloxía persoal*.

DEBUXO ARTÍSTICO

Cualificación: Cuestión 1ª = 5p.; cuestión 2ª = 5p.

OPCIÓN 1

1.1. Realizar un debuxo do modelo que se sinala na aula como opción 1. A organización do debuxo e a súa composición fundamentarase na estrutura esencial dos obxectos, nas súas proporcións e nas relacións de craro-escuro.

1.2. Con técnica libre e facendo, se cómpre, bocetos previos (en follas soltas), crear unha composición interpretando a imaxe de Edouard VUILLARD, “Nos xardíns das Tuilleries”, 1895.



OPCIÓN 2

2.1. Realizar un debuxo do modelo que se sinala na aula como opción 2. A organización do debuxo e a súa composición fundamentarase na estrutura esencial dos obxectos, nas súas proporcións e nas relacións de craro-escuro.

2.2. Con técnica libre e facendo, se cómpre, bocetos previos (en follas soltas), realizar unha composición interpretando graficamente o texto seguinte:

“Era ese campo de Creta o que me atraía, esa terra que agora, avanzando a tarde, acollía unha luz menos cegadora, que deixaba singularizarse a cada ser, a cada árbore; a ese vello olivo deste-rrado do grupo, de tronco forte e abatido, que inclinaba a cabeleira de espesas pólas para que brillaran ó sol as puntas prateadas das súas follas, como canas pulidas polo tempo; a ese pobo que semellaba sestear no alto dun lombo, entre viñedos, e sobre o que se alzaba a modesta cúpula dunha capela ortodoxa; á recta estrada gris que corría entre amarelos campos ermos, directa a estrelarse contra o paredón dunha serranía branca.”

Javier REVERTE, “Corazón de Ulises. Unha viaxe grega”.